

## ENTREVISTA

**V**oces Ceibes” tivo a súa orixe no recital que deron na Facultade de Medicina da USC, o 26 de abril 1968, Benedicto, Xavier González del Valle, Guillermo Rojo, Xerardo Moscoso e mais Vde. Como foi que se chegou a ese concerto?

-Todo hai que situalo no contexto do curso 67-68, dentro da axitación que había na universidade. Antes do concerto, estabamos un pouco espallados e, polo típico dioxomedixome, fomos sabendo os uns dos outros. A min veume buscar Xavier González del Valle, para formar parte dese recital, porque sabían que había un rapaz que cantaba en galego, e eu, á miña vez, sabía de Xerardo Moscoso. Foi un pouco o boca a orella; eramos xente comprometida politicamente, e aquel Santiago tampouco era moi grande. Había un desexo, obviamente, de facer unha canción de autor en galego, e abondou conque se deran as circunstancias, as famosas “condicións obxectivas” da xerga marxista: había unha xente que estaba cantando, e tamén existía unha canción de autor que ía chegando a nós (os primeiros discos de Dylan, Brassens, Ferré, Jacques Brel, ...). E, logo, o concerto de Raimon, en maio do 67, que fora un pouco o motor de explosión.

-E un ano máis tarde, o recital de Vdes.

-Foi tremendo. Eu actuara en público un par de veces, pero de repente estabamos cantando diante de 3.000 persoas. Había unha inque-danza; todo o mundo naquel Santiago estabamos a agardar algo, e ese recital foi unha especie de resposta.

-Logo do concerto, xa se xuntaron Vdes. no Bodegón do Hotel Compostela, onde fundan “oficialmente” o colectivo.

-Todo foi meteórico. O recital tivo un grande éxito, fixemos as xuntanzas, e xa apareceron os de EDIGSA, a casa de discos de Barcelona onde gravaran Raimon, Serrat ... Á volta do verán xa estabamos gravando nós. Hoxe é fácil gravar un disco, editar un libro, pero daquela non. Imaxínate o complicado e o custoso que iso resultaba.

-Por que decidiron aglutinalos como colectivo?

-Ten en conta que en Cataluña xa estaban “Els setze jutges”, por onde pasaron Serrat, Pi de la Serra, Lluís Llach, Guillermina Mota... En Euskadi, “Ez dok amairu”, con Lourdes Iriondo, Xabier Lete, Benito Lertxundi, Mikel Laboa... Todo o mellorino da canción de autor. En Madrid estaba tamén “Canción del pueblo”, con Elisa Serna, Cachas... E nós non íamos ser menos. A parte de que naquela época semellaba moito máis doado facer todo agrupando. Eramos máis solidarios, non había o individualismo que hai hoxe; non quero dicir con isto que non puideras cantar pola túa conta, pero eran tempos de máis agrupamento. Tiña a súa lóxica, obviamente, porque contra un tinglado como é unha ditadura, individualmente non podes nada.

-Nunca se plantexaron formar un grupo?

-Houbo algún momento, pero foi anos despois, porque axiña chegaron aqueles estados de excepción ou a supresión de artigos do Fuero de los Españoles, que implicaba que estabas meses sen cantar. Posibilidades de profesionalización non había ningunha, e era difícil plantexarse crear un grupo. Con todo, xa digo que si houbo intentos. Eu recordo, anos despois, no 71, por exemplo, chegar a cantar acompañándonos uns a outros, facendo segundas voces... pero nun principio era coller a cadeira, guitarra enriba do xeonllo e veña a darlle. Logo, xa durante a transición, Benedicto e Bibiano, sen chegar a facer dúo, acompañáranse nalgunha canción.

-Que problemas atopaban coas autoridades franquistas?

-Había problemas de todo tipo, evidentemente. A censura era férrea, e había que pasar todas



Vicente Araguas

## “Fixemos o papel de voceiros dunha situación política que non tiña xeito de poder expresarse”

*Co gallo do 40º aniversario do nacemento de Voces Ceibes, un dos membros fundadores, Vicente Araguas, lembra o acontecer daquel colectivo musical: uns mozos comprometidos que, nos estertores do tardofranquismo, viñeron converterse nos pioneiros da canción de autor en Galicia*



NATALIA ÁLVAREZ

as cancións para ser radiadas, para ser gravadas... Estamos falando do tardofranquismo, pero resistíase a desaparecer. A parte, a máquina burocrática era lentísima e, por moito que houbera unha certa apertura, había atrancos de todo tipo. Chegaba un estado de excepción e desaparecían todas as posibilidades de actuar, agás en parroquias ou en asociacións de veci-

ños, baixo corda, ou en certas emisoras... Home, sempre había algún locutor arriscado ou algún crego progresista que che daba sitio onde cantar... Pero estaban tamén as multas gubernativas. Nós non fomos parar ao cárcere, pero houbo xente noutros lugares e noutras circunstancias que si foi. Sufriamos a mesma represión que calquera cidadán, o que pasa é

que aquí quizais andaban con máis tento porque, a fin de contas, viñas ser un xeito de personaxe pública.

-Por que se separaron, en 1974?

-Naceu o Movemento Popular da Canción Galega, que englobaba a moita xente, e entón considerouse que, ao quedarmos integrados dentro del, “Voces Ceibes” tiña que desaparecer como entidade. Eu manteño, no libro que publiquei en Edicións Xerais, que “Voces Ceibes” morreu de morte natural. Xa non podía seguir vinculando elementos que loitaban cada un por ter vida propia; sobre todo, aqueles que tiñan pensado seguir profesionalmente ou semiprofesionalmente, como Benedicto, Bibiano ou Miro Casabella. Entre outras cousas, porque formabamos parte del tamén cantantes non profesionais, estudantes que, chegado un momento, tiñamos que escoller: unha escolla que tampouco era tan difícil, dado que a vía profesional resultaba moi complexa. E, de feito, durante anos, os cantautores desapareceron completamente de Galicia.

-Que influencia tivo “Voces Ceibes” para a actividade cultural e política galega posterior?

-Dende o punto de vista político, eu asumo que faciamos un papel de mitineiros, de voceiros dunha situación que non tiña moita maneira de poder expresarse. E culturalmente, musicalmente, fomos uns pioneiros. Coido que sen “Voces Ceibes” non se podería entender moito do que veu despois na canción de autor, porque abrimos un camiño inexistente. Se a cousa tivese seguido evoluíndo, como sería natural, habería que ver onde chegaríamos; pero hai discos interesantes, mesmo LPs, -o que non foi o meu caso- como acontece con Miro Casabella, Benedicto e Bibiano. Aí, cadaquén pode xulgar como foi evoluíndo a canción galega. Miro Casabella -para min, o máis dotado de todos- aí seguiu e aí está. Aínda gravou un disco, hai un par de anos, moi interesante: *Orvallo*, e que leva un prólogo meu, por certo.

-Que peso tivo pertencer a “Voces Ceibes” na súa carreira posterior?

-Primeiro, foi unha lousa, porque, claro, cando eu deixo a canción e vou polo camiño literario, cando sae o meu primeiro libro, houbo algunha crítica reticente, en plan “o cantautor ao que agora lle dá por escribir”; ou tamén cando comecei coa crítica literaria, lembro o caso de certo escritor, cuxo nome teño esquecido, a dicir: “ah, Vicente Araguas, que agora é crítico”.

Pois son crítico, poeta, novelista e unhas cantas cousas máis, porque Vicente Araguas dá para alén dunha soa idea. Ao principio, foi lousa, pero logo deixou de selo. E cando escribín as memorias de “Voces Ceibes” en Xerais, o libro obtivo unhas críticas caralludas e unha venta moi aceptable. É unha crónica, pero ten unha importante vontade de estilo.

Penso que aí está o

que son eu. Nese sentido, claro que lle debo moito a “Voces Ceibes”. E agora que se cumpren os 40 anos, hai moita xente que me está buscando para que escriba, para que fale ou para que opine de todo aquilo, porque fun moito máis que un estudante que cantaba no seu momento; son un home que, moito despois, levou adiante unha carreira literaria, que é ao que eu aspiraba.

-Atrevese a escribir esa novela que lle falta á literatura galega, ambientada no Santiago do 68?

-Claro que si. Ten en conta que eses anos foron o meu tempo máximo. Teño pendentes un par de cousas, pero antes de morrer penso volver ao 68, e coido que fai falta unha novela que non existe, unha novela sobre ese ano. Está o meu libro, *Voces Ceibes*, que nalgún momento ten maneiras de novela, porque quixen poñer a miña vontade de estilo. Pero volverei ao tema e penso escribir esoutro volume.